CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

Dª VIRGINIA FRAGA DÍA, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA*:*

Que a sra. alcaldesa, con data de 19 de outubro de 2026, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACION EXPEDIENTE DE ADQUISICIÓN DE INMOBLE PARA A EXECUCION DA OBRA DE SANEAMENTO EN CHAO DO RÍO E O FERREIRIÑO. EXPEDIENTE 2026/G003/001234.

EXPEDIENTE: 2026/C009/000002

Á vista do actuado no expediente de adquisición directa, mediante compravenda, do inmoble que se describe a continuación para a execución da obra de SANEAMENTO EN CHAO DO RÍO E O FERREIRIÑO, TEO, incluída no POS+ ADICIONAL 2/2025.

Finca rústica número seiscentos cincuenta e oito (658) do Plano Xeral de Concentración Parcelaria de San Miguel de Rarís, terreo adicado a prado, ao sito de “PONTE”.

Superficie: 970 m^2.

Lindeiros: Norte, río; Sur, Aurora Bueno Cajaraville (659); Leste, río; e Oeste, camiño peonil

Referencia catastral: 15083B510006580000SP

Inscrición no Rexistro da propiedade de Padrón: Tomo: 399, Libro: 96, Folio: 39, Finca: 8835, Inscrición 4ª.

Tendo en conta a Memoria incorporada ao expediente, do 9 de setembro 2026, xustificativa da necesidade e conveniencia da adquisición, do fin ao que se ten previsto destinar o inmoble que se pretende adquirir e do procedemento de adxudicación directa que, conforme ao artigo 116.4 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, se pretende seguir.

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 20/10/2026 09:26:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 20/10/2026 09:41:00)
Versión imprimible
CVD: TEw0h/kxtQWxtLH5FSbS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Vistos os informe de Secretaría, do 14 de setembro e do 9 de outubro de 2026, o informe do arquitecto municipal, do 18 de setembro de 206, o prego de condicións, do 9 de outubro de 2026, e os informe de intervención do 9 e do 19 de outubro de 2026, incorporados no expediente.

Considerando que, segundo o informe do arquitecto do 18 de setembro de 2026, de valoración do expediente de adquisición da parcela en Chao do Rio, o valor do inmoble cuxa adquisición se pretende ascende a tres mil cento catro euros (3.104 €).

Resultando que, segundo o certificado de existencia de crédito, do 24 de setembro de 2026, incorporado ao expediente, existe crédito axeitado e suficiente, a nivel de vinculación xurídica, para a adquisición do inmoble citado polo importe indicado, con cargo á partida 160/61901.

Vista a restante documentación que integra o expediente obxecto do presente e considerando que se cumpriron todos os trámites para proceder á adquisición directa do inmoble descrito.

En virtude do exposto, sendo competencia desta Alcaldía a adopción deste acordo e en virtude das atribucións que me confire a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP),

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o Prego de condicións, do 9 de outubro de 2026, que rexerá a adquisición directa polo Concello de Teo, mediante compravenda, da parcela catastral 658, polígono 510, referencia 15083B510006580000SP, polo prezo de tres mil cento catro euros (3.104 €).

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 20/10/2026 09:26:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 20/10/2026 09:41:00)
Versión imprimible
CVD: TEw0h/kxtQWxtLH5FSbS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/

Segundo.- Aprobar a taxación realizada polo arquitecto municipal valorando o inmoble no importe citado (3.104 €).

Terceiro.- Aprobar o expediente de contratación e o gasto correspondente, con cargo á partida 160/61901 do vixente orzamento municipal, por importe de tres mil centro catro euros (3.104 €), segundo a valoración técnica que obra no expediente.

Cuarto.- Invitar á persoa propietaria por se fora do seu interese a adquisición e se acepta as condicións polas que se formalizará a mesma mediante compravenda.

Quinto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e prace da sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

Visto e prace

A secretaria

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz

FIRMADO POR Virginia Fraga Díaz (FECHA: 20/10/2026 09:26:00) , Lucía Calvo de la Uz (FECHA: 20/10/2026 09:41:00)
Versión imprimible
CVD: TEw0h/kxtQWxtLH5FSbS Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.teo.gal/